

Deberán formalizar matrícula os nenos e as nenas que xa cursaran a solicitude de preinscrición no prazo fixado para este fin e consten como admitidos/as na listaxe correspondente.

TRAMITACIÓN DA FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

1º) Cubrir e imprimir o impreso de matrícula (na web: www.conciliames.org)

Os/as usuarios/as que non dispoñan das ferramentas necesarias, terán á súa disposición o persoal do Departamento de Educación, ben na oficina municipal do Milladoiro ou no Departamento de Educación en Bertamiráns, para realizar este trámite por vostede, para o que deberán solicitar unha **cita ao teléfono 981 884 991**.

Para cubrir o impreso será necesario o IBAN, o BIC e os datos do/a titular da conta para a domiciliación dos recibos.

2º) Todos os membros maiores de idade da unidade familiar deberán asinar a autorización para solicitar os datos tributarios á Axencia Tributaria incluída no impreso de matrícula.

3º) Solicitar á Recadación Municipal no enderezo electrónico ames@canaltributos.com, a autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) nos que se vaia a matricular (12,00€ por servizo e neno/a)

4º) Pagar as taxas de matrícula.

5º) Dar entrada á solicitude de matrícula e ao mandato SEPA, debidamente cubertos e asinados, en rexistro. Esta solicitude deberá acompañala cos documentos seguintes:

- fotocopia de todas as follas escritas do libro de familia. No caso de ruptura da unidade familiar, documentación onde se recollan as medidas de garda, custodia e alimentos (**presentarase o orixinal para o cotexo**)
- fotocopia da tarxeta sanitaria do neno/a
- 2 fotografías tamaño carné do neno/a
- fotocopia do DNI/NIE. No caso de non ser residente en España, achegarase o pasaporte do/a titular da conta (**presentarase o orixinal para o cotexo**)

BONIFICACIÓN DE TAXAS

En caso de querer solicitar bonificación de taxas deberá presentar en rexistro a solicitude e os documentos correspondentes para a acreditación da situación, no prazo fixado para a renovación. Casos previstos:

- Renda per cápita inferior ao 50% do IPREM (3.727,57€ ano e persoa)
- Familia numerosa
- Familia monoparental
- Familia con persoas maiores a cargo
- Familia con persoas con discapacidade a cargo
- Familia con persoas dependentes a cargo
- Familias acolledoras
- Emerxencia social